

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2020 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores de industria e servizos para o ano 2020 (código de procedemento IN417Y).*

Mediante a Resolución do 19 de decembro de 2019, que foi publicada no DOG número 12, do 20 de xaneiro de 2020, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores de industria e servizos.

O artigo 3.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalgunha das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles. O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 20 de febreiro e non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles nas epígrafes de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro no sector industrial e, porén, non se dispón de dispoñibilidade orzamentaria na epígrafe de aforro enerxético no sector de servizos.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración desa distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas do sector da industria e servizos,

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ás subvencións para auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética



nas empresas dos sectores de industria e servizos en función do volume de solicitudes recibido, e modificar a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 10 de decembro de 2019 do seguinte xeito:

Tipo de beneficiario	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
AE - auditorías enerxéticas	100.000	-50.000	50.000
SX - implantación de sistemas de xestión	100.000	-50.000	50.000
PAEI - proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector industrial	2.800.000	-1.000.000	1.800.000
PAES - proxectos de aforro e eficiencia enerxética no sector de servizos	500.000	1.100.000	1.600.000
Total	3.500.000	0	3.500.000

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2020

Ángel Bernardo Tahoces  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

